A Casa da Cultura de Verín acollerá mañá 30 de abril, a partir das 20.30 horas, a representación gratuíta da obra de teatro *‘Sancho, gobernador da Ínsula Barataria’*, do grupo La Caja de Pandora, co apoio do Concello de Verín.

Este grupo de teatro amateur, formado en Verín en outubro de 2008, realiza a súa presentación pública coa estrea de *‘Sancho, gobernador da Ínsula Barataria’*, unha obra creación da súa directora, María del Carmen Varela Sánchez, inspirada no Quixote, de Miguel de Cervantes Saavedra.